

Nome _____

Data _____

Extremidades que «se dormen»

En moitas ocasións, ao manter a mesma postura durante moito tempo, notamos algo estraño ao desfacela: dificultade para movernos e formigo.

Por exemplo, se nos sentamos a ler un libro e cruzamos as pernas, estamos «esmagando» algún nervio. Se non cambiamos de postura durante demasiado tempo, a compresión mantida do nervio fará que ao levantarnos exclamemos: «Adormeceume unha perna!»

**1 Responde as cuestións.**

- Explica coas túas palabras o que está ocorrendo en realidade cando a alguén se lle «dorme» unha perna.

- Se pisas unha manguera que estea conectada a unha boca de rega, a auga deixa de saír; cando retiras o pé, a auga flúe de novo. Relaciona este feito co texto.

**2 Que parte do sistema nervioso está temporalmente afectada cando se nos «adormece» unha extremidade? Sinala a resposta correcta.**

- ☐ Sistema nervioso central
- ☐ Sistema nervioso periférico
- ☐ Encéfalo
- ☐ Medula espiñal



3 Indica que tipo de movemento se realiza en cada caso.

- Cando tratamos de erguernos despois de estar un tempo sentados.

- ☐ Movemento voluntario
- ☐ Movemento involuntario



- Cando, ante a sensación de que imos caer, nos agarramos ao obxecto máis próximo.

- ☐ Movemento voluntario
- ☐ Movemento involuntario

4 Le de novo o segundo parágrafo da lectura.

- A que se deben os efectos que notamos? Relaciona as dúas columnas.

Dificultade para moverse •

• Nervio motor

Formigo •

• Nervio sensitivo

- Explica a resposta anterior.

5 Os nervios máis grosos, coma os que transmiten a forma que teñen as cousas, tardan máis en recuperarse tras unha compresión ca os máis finos, coma os nervios que transmiten dor.

Explica por que, cando se vai pasando a sensación de man «adormecida», primeiro sentimos dor e despois recuperamos o tacto.
